



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

MUGARDOS

Convocatoria e bases específicas reguladoras do proceso selectivo para a formación dunha bolsa de emprego do Concello de Mugardos, asimilada á escala de administración especial, subescala técnica, clase técnico medio, grupo II, arquitecto técnico

ANUNCIO

CONVOCATORIA E BASES ESPECÍFICAS REGULADORAS DO PROCEDEMENTO SELECTIVO PARA A FORMACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO DO CONCELLO DE MUGARDOS, ASIMILADA Á ESCALA DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL, SUBESCALA TÉCNICA, CLASE TÉCNICO MEDIO, GRUPO II, ARQUITECTO TÉCNICO, POLO PROCEDEMENTO DE OPOSICIÓN.

Mediante Decreto núm. 2026-0904, do 5 de agosto de 2026, acordouse prestar aprobación ás Bases específicas reguladoras do procedemento selectivo para a formación dunha bolsa de emprego do Concello de Mugardos, asimilada á Escala de Administración Especial, subescala técnica, clase Técnico medio, Grupo II, Arquitecto Técnico polo procedemento de oposición e proceder conforme ao establecido no artigo 58.4º da Lei 2/2015, de 1 de 29 de abril, de Emprego Público de Galicia, á publicación do correspondente anuncio no boletín oficial de a provincia de A Coruña, cuxo texto se transcribe de seguido:

“ BASES ESPECÍFICAS REGULADORAS DO PROCEDEMENTO SELECTIVO PARA A FORMACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO DO CONCELLO DE MUGARDOS, ASIMILADA Á ESCALA DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL, SUBESCALA TÉCNICA, CLASE TÉCNICO MEDIO, GRUPO II, ARQUITECTO TÉCNICO, POLO PROCEDEMENTO DE OPOSICIÓN.

Primeira.- Obxecto da convocatoria.

É obxecto da presente convocatoria a creación dunha bolsa de emprego para proceder á provisión temporal de prazas mediante a contratación de persoal laboral temporal asimilada á Escala de Administración Especial, subescala técnica, clase técnico medio, Arquitecto Técnico, Grupo II, pola concorrencia dalgún dos supostos habilitadores previstos no artigo 15 do Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se presta aprobación ao texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores e artigo 27 da Lei 2/2015, de emprego público de Galicia.

Segunda.- Funcións e retribucións da praza.

A praza convocada corresponde a persoal laboral co seguinte detalle:

Código RPT	Grupo de clasificación	Categoría laboral	Titulación esixible
3001	II	Arquitecto Técnico	Titulado Medio (arquitectura técnica)

Funcións

- Elaborar informes sobre proxectos, certificacións de obras, licenzas e outros informes urbanísticos.
- Prescripcións técnicas de proxectos de execución de obras municipais e supervisión das mesmas.
- Dirección de obras municipais ocasionalmente, dentro de súa competencia Colaboración e cooperación co Técnico Superior de Urbanismo na xestión do planeamento e na execución urbanística.
- Emitir informes nos expedientes de concesión de licenzas urbanística por obras e , en xeral cando fose da súa competencia a actividade sometida ao control que a licenza supón.
- Emitir informes nos expedientes de licenzas de actividades en xeral.
- Redactar proxectos técnicos, memorias valoradas, proxectos técnicos simplificados, dirección de obras.
- Emitir informes relativos á execución de obras cando fosen dirixidas por outros técnicos, nos casos en que así se acorde motivadamente.
- Emitir informes nos expedientes de disciplina urbanística, medioambiental e de reposición da legalidade en xeral.
- Informar en materia de planeamento e xestión urbanística cando sexan da súa competencia.

- Redactar memoria, presupostos e demais documentos técnicos necesarios para a solicitude ou xustificación de subvencións que sexan da súa competencia.
- Efectuar valoracións de terreos, inmobles ou similares, especialmente en casos de expropiacións ou por razóns urbanísticas.
- Asistir ás sesións dos órganos colexiados cando sexa requerido ao respecto .
- Calquera outra relacionada co posto que lle encomende o seu superior xerárquico

Así mesmo, asumirá as novas funcións que se poidan derivar dos cambios que se poidan no seu caso producir na configuración do posto na Relación de Postos de Traballo.

Para que se entenda que concorre causa xustificada de temporalidade será necesario que na providencia de chamamento se especifiquen con precisión a causa habilitante da contratación temporal, as circunstancias concretas que a xustifican e a súa conexión coa duración prevista.

O/a aspirante seleccionado/a percibirá as retribucións básicas correspondentes ao grupo II que se determinen legalmente, e as retribucións complementarias iguais ao posto que proceda a ocupar. No suposto de chamamento por circunstancias da produción, e de ser o caso, as retribucións complementarias serán as do posto mais semellante e se concretarán na resolución de contratación.

Retribucións

	RETRIBUCIÓNS BRUTAS MENSUAIS				
	SOLDO	C.D.	C.E.	C.POSTO	TOTAL
ARQUITECTO TÉCNICO (37,5 horas semanais)	1.199,52	592,11	1.235,14	0	3.026,77

	RETRIBUCIÓNS BRUTAS PAGA EXTRA			
	SOLDO	C.D.	C.E.	TOTAL
ARQUITECTO TÉCNICO (37,5 horas semanais)	874,83	592,11	1.235,14	2.702,08

Terceira.- Normas xerais

A convocatoria da praza rexeráse polas presentes bases, e no non previsto nestas estarase ao disposto na normativa legal de aplicación e nas Bases Xerais, aprobadas por Decreto núm. 2024/0360, de 26.03.2024 ditado polo concelleiro delegado de Urbanismo, Rehabilitación, Mobilidade e Réxime Interior (delegación RA 2023/0615, de 26.06.2023)

Cuarto.- Procedemento de selección.

O procedemento de selección consistirá nunha oposición libre que constará de dúas probas.

Primeira proba

De carácter teórico práctico, obrigatoria e eliminatoria

Consistirá en contestar, por escrito un cuestionario tipo test de carácter teórico práctico de 50 preguntas, con tres respostas alternativas das que so unha será a correcta, sobre o contido do programa da convocatoria contido no Anexo I das presentes bases e as funcións propias da praza conforme a ficha da Relación de Postos de Traballo Cód. 3001. O tempo máximo para realizar este exercicio será de 90 minutos. Cada resposta correcta sumará 0,2 puntos. Cada resposta incorrecta restará 0,05 puntos. A puntuación máxima desta fase será de 10 puntos. O aspirante que non acade 5 puntos será eliminado do proceso selectivo.

Segunda proba

Proba de coñecemento da lingua galega

Proba de coñecemento da lingua galega. As persoas aspirantes que non acreditasen estar en posesión do nivel Celga 4 ou equivalente deberán facer unha proba eliminatoria que se valorará co resultado de APTO/A ou NON APTO/A.

A proba consistirá na tradución directa e inversa dun ou varios textos, en castelán e galego, nun tempo máximo de 30 minutos e sen axuda de dicionario. Os textos serán escollidos polo Tribunal cualificador inmediatamente antes de celebrarse a proba, correspondéndolle ao Tribunal a fixación do nivel de coñecemento esixido para superar esta proba. Os aspirantes que non superen esta proba quedarán excluídos do proceso.

Quinto.- Requisitos das persoas aspirantes

As persoas participantes no proceso selectivo deberán reunir no día de finalización do prazo de presentación de solicitudes e manter ata o momento da toma de posesión como persoal funcionario de carreira ou a sinatura do correspondente contrato de traballo, os seguintes requisitos:

a) Ter a nacionalidade española ou cumprir os requisitos establecidos no artigo 57 do Texto Refundido da Lei reguladora do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP) aprobado polo Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, respecto do acceso o emprego público de nacionais doutros estados.

b) Ter cumpridos os dezaseis anos de idade e non superar, no seu caso, a idade máxima de xubilación forzosa.

c) Posuír a capacidade e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desempeño das correspondentes funcións ou tarefas.

d) Posuír ou estar en condicións de obter, ate o día que remate o prazo de presentación de instancias do título de arquitectura técnica ou título universitario equivalente que habilite para o exercicio da profesión regulada de arquitecto técnico, segundo o establecido nas directivas comunitarias. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberase estar en posesión da correspondente validación ou da credencial que acredite, no seu caso, a homologación.

e) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas; non se encontrar en situación de inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que fose separado ou inhabilitado.

f) As persoas aspirantes deberán acreditar estar en posesión do título acreditativo do nivel de coñecemento da lingua galega Celga 4 ou equivalente debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia. En caso de non acreditalo, deberán superar unha proba de coñecemento da lingua galega, de carácter obrigatorio e eliminatorio, sendo a cualificación de apto ou non apto.

g) Ter ingresado na conta bancaria do Concello de Mugardos, a cantidade fixada como dereitos de exame, de conformidade coa base xeral sexta.

ANEXO I . TEMARIO

Tema 1. A Constitución española de 1978: características. Estrutura. Contido. Principios xerais. Dereitos e liberdades.

Tema 2. O Estatuto de autonomía de Galicia. Título preliminar. O poder galego: o Parlamento. A Xunta e o seu presidente. As competencias de Galicia.

Tema 3. O réxime local. Regulación xurídica. O municipio: concepto e elementos: Territorio e poboación. Organización. Competencias. Organización municipal. Órganos de goberno municipais. O alcalde, Os concelleiros. A Xunta de Goberno Local. Órganos complementarios.

Tema 4. Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas. Das disposicións sobre o procedemento administrativo común: Garantías do procedemento. Iniciación do procedemento. Ordenación do procedemento. Instrución do procedemento. Execución. Finalización do procedemento. A tramitación simplificada do procedemento administrativo común

Tema 5. Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime xurídico do sector público. Disposicións xerais. Dos órganos das Administracións Públicas: órganos administrativos, competencias, órganos colexiados, abstención e recusación. Os convenios. Principios da potestade sancionadora. Da responsabilidade patrimonial das Administracións Públicas.

Tema 6. Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno. Transparencia da actividade pública. Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais. Disposicións xerais. Principios da protección de datos. Dereitos das persoas. Responsable e encargado do tratamento de datos. Réxime sancionador.

Tema 7. Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes: Obxecto e ámbito da lei. O principio de igualdade e a tutela contra a discriminación. Políticas públicas para a igualdade. Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade autónoma de Galicia en materia de igualdade: As condicións de emprego en igualdade na Administración pública galega.

Tema 8. O persoal ao servizo das Administracións Públicas: Clases de persoal. Adquisición e perda da relación de servizo. Dereitos individuais. Deberes e código de conducta. Xornada de traballo permisos, licenzas e vacacións. Dereitos retributivos. Incompatibilidades.

Tema 9. Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das Facendas locais. Recursos das facendas locais: Enumeración. Imposición e ordenación dos tributos locais. Taxas. Prezos Públicos. Contribucións especiais. Impostos locais: enumeración, natureza e feito impositivo. Os orzamentos: Contido e aprobación.

Tema 10. Contratos do Sector Público. Obxecto e ámbito de aplicación. Delimitación dos tipos contractuais. Partes do contrato: Órgano de contratación. Obxecto, orzamento base de licitación, valor estimado, precio e a súa revisión. Competencias e normas específicas de contratación nas entidades locais.

Tema 11. Real Decreto Lexislativo 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Solo e Rehabilitación Urbana (I). Estatuto básico do cidadán. Estatuto básico da iniciativa e a participación na actividade urbanística.

Tema 12. Real decreto lexislativo 7/2015 (II). Bases do réxime do solo.

Tema 13. A Lei 2/2016 de solo de Galicia e o Decreto 143/2016 polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento (I). Principios xerais.

Tema 14. Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia (I). Regulación integrada do exercicio de actividades.

Tema 15. Decreto 144/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos. Réxime de comunicación previa. Avaliación de incidencia ambiental.

Tema 16. Lei 2/2016 e decreto 143/2016 (II): A clasificación urbanística do solo. Solo urbano, de núcleo rural, urbanizable e rústico. Réxime das distintas clases e categorías do solo: dereitos e deberes dos propietarios do solo.

Tema 17. O planeamento urbanístico. Clases de instrumentos de ordenación. Límites de sostibilidade.

Tema 18. O plan básico autonómico.

Tema 18. O planeamento de desenvolvemento: plans parciais e plans especiais. Contido, determinacións e documentación. Procedemento de elaboración e aprobación.

Tema 19. Outros instrumentos: Os estudos de detalle. Os catálogos. Contido, determinacións e documentación. Procedemento de elaboración e aprobación.

Tema 20. Réxime legal de fóra de ordenación. Obras e usos provisionais. As normas de aplicación directa.

Tema 21. Sistemas de actuación. Elección do sistema. O cumprimento dos prazos de equidistribución e urbanización.

Tema 22. Obtención de solo de sistemas xerais e locais.

Tema 23. Valoracións urbanísticas e expropiatorias. Regulación contida no texto refundido da Lei do solo e no Regulamento de valoracións (Real decreto 1492/2011).

Tema 24. Títulos habilitantes de natureza urbanística: Licenzas Urbanísticas, definición, obxecto, actos suxeitos a licenza. Documentación e procedemento. Prelación de licenzas e outros títulos administrativos.

Tema 25. Prazos de edificación. Caducidade das licenzas. As licenzas de ocupación dos inmobles. Revisión e suspensión das licenzas.

Tema 26. Comunicacions previas. Definición, obxecto e procedemento para a tramitación. Prazos. Comprobación datos comunicados.

Tema 27. Parcelacións urbanísticas, segregacións e división de terreos.

Tema 28.- Deberes dos propietarios de terreos, construcións e instalacións. As ordes de execución. Execución forzosa e subsidiaria.

Tema 29. A situación de ruína. Supostos. Procedemento. Consecuencias da súa declaración. A ruína inminente.

Tema 30. Inspección urbanística. A protección da legalidade urbanística.

Tema 31.- O PXOM do Concello de Mugardos: Disposicións Xerais. Instrumentos de desenvolvemento e intervención na edificación e uso do solo. Réxime urbanístico do solo e Disposición Transitoria 1ª da Lei 2/2016, de 10 de febreiro do solo de Galicia.

Tema 32.- O PXOM do Concello de Mugardos: Condicións dos usos.

Tema 33.- O PXOM do Concello de Mugardos: Condicións xerais da edificación.

Tema 34.- O PXOM do Concello de Mugardos: Condicións particulares da edificación no solo urbano e no solo de núcleo rural.

Tema 35. Inscripción no Rexistro da Propiedade de actos de natureza urbanística. Normativa aplicable. O Catastro Inmobiliario. Normativa.

Tema 36. Avaliación ambiental de plans. Avaliación de impacto ambiental de proxectos, autorización ambiental integrada e incidencia ambiental de actividades. Normativa estatal e autonómica.

Tema 35.- Lei 38/1999 de ordenación da edificación. Esixencias técnicas e administrativas da edificación. Axentes. Responsabilidades e Garantías.

Tema 37. O código técnico da edificación: disposicións xerais. Contido. Condicións técnicas e administrativas. Esixencias básicas. Documentos básicos. Ámbito de aplicación. DB-SE: seguridade estrutural, accións na edificación, cimentos, aceiro, fábrica e madeira.

Tema 38. Seguridade en caso de incendios na edificación. DB-SI.

Tema 39. Condicións acústicas na edificación Normativa técnica. DB-HR.

Tema 40. Seguridade de utilización na edificación. Esixencias básicas SUA1 a SUA 8.

Tema 41. Accesibilidade. Esixencia básica SUA 9. Seguridade de utilización e accesibilidade.

Tema 42. Normativa estatal vixente en materia de accesibilidade. Aspectos básicos do Real Decreto Lexislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social.

Tema 43. Orde TMA/851/2021, de 23 de xullo, pola que se desenvolve o documento técnico de condicións básicas de accesibilidade e non discriminación para o acceso e a utilización dos espazos públicos urbanizados.

Tema 44. Lei 10/2014, de 3 de decembro de accesibilidade e Decreto 35/2000, do 28 de xaneiro. Conceptos básicos. Niveles de accesibilidade. Código accesibilidade.

Tema 45. Normas de habitabilidade de vivendas en Galicia: Decreto 29/2010 polo que se aproban as Normas Técnicas de Habitabilidade de Vivendas. Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda.

Tema 46. Certificación enerxética de edificios na Comunidade Autónoma de Galicia. Avaliación Técnica de Edificios.

Tema 47. Seguridade e saúde nas obras de construción. Real decreto 1627/1997. Disposicións mínimas. Disposicións específicas nas fases de proxecto e execución das obras. O coordinador. Estudio de seguridade e saúde: supostos de obrigatoriedade e contidos. Plans de seguridade e saúde. Principios xerais aplicables ao proxecto e á execución.

Tema 48. O Real Decreto 105/2008. Producción e xestión dos residuos da construción e derrubamento. Concepto. Obrigas do produtor de residuos de construción e derrubo.

Tema 49. Lexislación de Estradas: especial referencia á Lei 8/2013, de 28 de xuño de estradas de Galicia e o Decreto 66/2016, de 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento xeral de estradas de Galicia . Réxime autorizadorio e declaracións responsables.

Tema 50. Lexislación do sector ferroviario. Réxime autorizadorio e declaracións responsables.

Tema 51. Lexislación en materia de costas. Dominio público marítimo-terrestre e as súas zonas de protección (servidumes e outras limitacións). A súa incidencia no urbanismo. Especial referencia ao Decreto 20/2011, de 10 de febreiro, polo que se aproba definitivamente o Plan de Ordenación do Litoral de Galicia e á Lei 4/2023, de 6 de xullo, de ordenación e xestión integrada do litoral de Galicia.

Tema 52. Lexislación en materia de augas. Dominio público hidráulico e as súas zonas de protección (servidumes e outras limitacións). A súa incidencia no urbanismo.

Tema 53. Lexislación estatal e autonómica de protección do patrimonio cultural. Clasificación, declaración e catalogación dos bens do Patrimonio cultural de Galicia.

Tema 54. Lei 5/2016 do patrimonio cultural de Galicia. Réxime de protección e conservación do patrimonio cultural de Galicia. Réxime específico de protección e acceso dos bens de interese cultural. Réxime específico de protección dos bens catalogados.

Tema 55. Conservación e protección de espazos naturais. Normativa aplicable e figuras de protección.

ANEXO II

Solicitude

PROCESOS SELECTIVOS PARA A FORMACIÓN DE BOLSAS DE EMPREGO DO CONCELLO DE MUGARDOS	
Praza:	
DATOS DA PERSOA ASPIRANTE	
D./Dna.	
DNI / NIE / Pasaporte	
Enderezo aos efectos da notificación	
Cod. Postal e localidade	
Teléfono	
Correo electrónico	
☐ AUTORIZO o concello a realizar notificacións á miña caixa de correos electrónica, mediante comparecencia na Sede electrónica logo de se identificar fidedignamente. En todo caso, serán notificadas por esta vía as persoas obrigadas segundo o art. 14.2 da Lei 39/2015.	
EXPOÑO	
- Que teñen coñecemento da convocatoria anunciada polo Concello de Mugardos para a creación dunha bolsa de emprego para proceder á provisión temporal, mediante a contratación de persoal laboral temporal, da praza de referencia. - Que coñezo e acepto as bases que rexen este proceso selectivo e que reúno os requisitos esixidos nas bases xerais reguladoras dos procesos selectivos para a formación de bolsas de emprego do Concello de Mugardos e nas correspondentes bases específicas da convocatoria. - Que desexo tomar parte na convocatoria para o que achego os documentos solicitados nas bases xerais reguladoras dos procesos selectivos para a formación de bolsas de emprego do Concello de Mugardos e nas bases específicas da convocatoria. - Que autorizo a utilización dos meus datos persoais, incluído o teléfono e o correo electrónico indicados na presente solicitude para a recepción de información e solicitudes relacionadas co proceso selectivo de que se trata.	
DECLARACIÓNS RESPONSABLES	
Pola presente, declaro baixo a miña responsabilidade: - Que posúo a capacidade e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desempeño das correspondentes funcións ou tarefas da praza obxecto da convocatoria. - Que non fun separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas nin me atopo en situación de inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que fose separado ou inhabilitado. - Que son certos todos os datos facilitados na presente solicitude e que reúno todas e cada unha das condicións e requisitos esixidos para participar na presente convocatoria (referidos á data de finalización do prazo sinalado para a presentación desta solicitude), e acato integramente o contido das Bases que rexen este proceso selectivo. - Que o modelo de solicitude de participación no proceso selectivo presentado para participar na presente convocatoria é o facilitado pola entidade convocante.	
OUTRAS DECLARACIÓNS RESPONSABLES (marcar no seu caso)	
☐	Pola presente, declaro baixo a miña responsabilidade que estou en posesión da certificación galega de competencias dixitais en ofimática regulada no decreto 218/2011 da Xunta de Galicia ou en condicións de obtela como máximo á data de remate do prazo de presentación de instancias (soamente para o acceso a aquelas prazas nas que se contemple a realización dun exercicio consistente en demostrar coñecementos de informática de nivel usuario sobre o sistema operativo "Windows" o paquete ofimático "Office").
Por todo iso, SOLICITO	
☐	A miña admisión no correspondente proceso selectivo.
☐	A adaptación dos tempos adicionais nos procesos selectivos para o acceso ao emprego público das persoas con discapacidade
	Indique as adaptacións e os axustes razoables de tempo e medios para a realización das probas:
☐	Dispor do texto das probas en lingua castelá.
Mugardos, _____ de _____ de 202_____	
Sinatura: _____	

DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA	
☐	Copia do DNI, pasaporte ou documento de identificación equivalente e acreditativo da identidade e nacionalidade.
☐	Copia da titulación esixida para a praza á que aspira.
☐	Copia do permiso de condución esixido na convocatoria
☐	Xustificante acreditativo de ter ingresado a cantidade fixada como dereitos de exame.
☐	Xustificación do dereito á exención do pago de dereitos de exame, de conformidade coas bases da convocatoria.
☐	Copia do título acreditativo do nivel de coñecemento da lingua galega requirido para o acceso ao correspondente grupo/subgrupo
☐	Acreditación de atoparse en situación de incapacidade recoñecida polo INSS que non sexa invalidante en grao absoluto que teña reserva de posto e a incapacidade sexa revisable
☐	Certificado do grao de discapacidade e o Ditame técnico facultativo emitido polo órgano técnico de cualificación do grao da discapacidade (persoas que teñan solicitado a adaptación de tempo e/ou medios nos procesos selectivos).
☐	Certificación negativa do Rexistro Central de delinquentes sexuais (soamente para o acceso a aquelas prazas que impliquen contacto habitual con menores).
☐	Certificación galega de competencias dixitais en ofimática regulada no decreto 218/2011 da Xunta de Galicia. (soamente para o acceso a aquelas prazas nas que se contemple a realización dun exercicio consistente en demostrar coñecementos de informática de nivel usuario sobre o sistema operativo "Windows" o paquete ofimático "Office").

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE MUGARDOS (A CORUÑA)

De acordo co establecido pola normativa vixente en materia de protección de datos, informámoslle de que o Responsable de Tratamento dos seus datos persoais é o Concello de Mugardos, con dirección Avda. Galicia, 45, 15620-Mugardos; CORREO@MUGARDOS.GAL.

1.- FINALIDADE DO TRATAMENTO: Os datos serán empregados para prestarlle o servizo solicitado na presente instancia.

O feito de que non nos facilite parte da información solicitada poderá supoñer a imposibilidade de prestarlle o servizo solicitado.

PAZO DE CONSERVACIÓN: Os datos facilitados conservaranse durante o tempo necesario para poder atender a súa solicitude, así como para dar cumprimento legal ás xestións administrativas derivadas da prestación do servizo.

2.- LEXITIMACIÓN: Este tratamento de datos persoais está lexitimado polo consentimento que nos outorga a realizar a solicitude de prestación do servizo.

3.- DESTINATARIOS DE CESIÓN: O Concello de Mugardos non cederá os seus datos de carácter persoal.

4.- DEREITOS: Ten vostede dereito a acceder, rectificar ou suprimir os datos erróneos, solicitar a limitación do tratamento dos seus datos así como opoñerse ou retirar o consentimento en calquera momento e solicitar a portabilidade dos mesmos.

O Concello de Mugardos dispón de formularios específicos para facilitarlle o exercicio dos seus dereitos. Pode presentar a súa propia solicitude ou solicitar os nosos formularios, sempre acompañados dunha copia do seu DNI para acreditar a súa identidade"

Mugardos, 6 de agosto de 2026

O Alcalde

Juan Domingo de Deus Fonticoba

2026/5315